

MODIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE FIXANDO AS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNS ESPECIAIS

Ditado decreto de delegacións do alcalde con data 15 de xuño de 2019 onde se establecen as áreas de goberno, concelleiros responsables e delegacións especiais, por mor de facilitar a actividade administrativa, faise necesario facer os seguintes cambios:

- Na Área de economía e facenda modifícase a competencia coa letra d) Ordenación de pagos pasando a ser *"d) Recoñecemento da obriga e ordenación de pagos en calquera materia"* e engádese a competencia *"j) Subvencións en todos os seus trámites dando conta a Xunta de Goberno Local cando proceda"*.

- A competencia *"As atribucións de expropiación e adquisición de inmobles que competen á Alcaldía nos procedementos de levantamento de actas de pagamento e de ocupación dos bens e dereitos afectados polos expedientes de expropiación forzosa"* pasa a formar parte das delegadas na Área de patrimonio municipal e festas

Vistos os artigos 124 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 613 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de Entidades Locais, así como os artigos 8 e ss e 26 e ss do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra relativos ó réxime xurídico das delegacións, fixación das áreas de goberno, concelleiros de goberno e delegados , esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos, DECRETA:

Primeiro- Modificar as competencias delegadas na Área de Patrimonio Municipal e Festas e de Economía e Facenda , sendo o/a seu/sua concelleiro/a de goberno responsable da área e o ámbito funcional o seguinte:

AREA DE PATRIMONIO MUNICIPAL E FESTAS

Concelleira responsable: María Carmen da Silva Méndez

Ámbito funcional:

- a) Patrimonio municipal
- b) Actualización de inventarios
- c) Responsabilidade patrimonial e reclamación de danos ao patrimonio municipal
- d) Iniciativa, programación e xestión de actividades lúdicas e festas
- e) Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades
- f) Dinamización sociocultural
- g) Xestión do ciclo da auga
- h) Vicepresidencia do organismo autónomo Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra
- i) As atribucións de expropiación e adquisición de inmobles que competen á Alcaldía nos procedementos de levantamento de actas de pagamento e de ocupación dos bens e dereitos afectados polos expedientes de expropiación forzosa.

AREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Concelleiro responsable: Raimundo González Carballo

Ámbito funcional:

- a) Orzamentos e gasto público, ingresos.
- b) Ingresos de dereito privado e de dereito público, tributarios e non tributarios en todo o que non sexa competencia do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria.
- c) Autorización e disposición de gastos, non atribuídos a outro órgano de goberno por disposición legal.





- d) Recoñecemento da obriga e ordenación de pagos en calquera materia.
- e) Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.
- f) Xestión da recollida e tratamento dos residuos municipais, recollida selectiva e contratación destes servizos.
- g) Obras derivadas do contrato do ciclo da auga.
- h) Servizos territorializados en Canicouva e Pontesampaio, exercendo todas as competencias municipais do ámbito xeográfico que ten asignado agás as de ordenación do territorio, urbanismo, protección cidadá, deportes, educación e servizos sociais, en coordinación e co criterio do concelleiro que teña delegada a competencia xeral.
- i) Subvencións en todos os seus trámites dando conta a Xunta de Goberno Local cando proceda.

Segundo.- As delegacións sinaladas no apartado anterior rexeráse polas condicións establecidas no decreto do alcalde de 15/06/2019 fixando as áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais.

Terceiro- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, aos señores concelleiros e directores xerais interesados, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Así o decreta e ordena o Excmo Sr Alcalde, na data que consta na sinatura electrónica dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

